

## Xornadas do Motor de Repsol

# **REPSOL ACHEGA EN ARTEIXO A SÚA PAIXÓN POLO MOTOR E OS SEUS 50 ANOS NA ALTA COMPETICIÓN**

- **Do 5 ao 9 de novembro o municipio arteixán converterase no epicentro do mundo do motor para acoller exposicións, charlas, actividades de formación e de lecer.**
- **Preto de 450 alumnos e 80 profesores van participar en diversas actividades da man de profesionais das áreas de mobilidade, competición, innovación, transición enerxética e medio ambiente.**
- **As xornadas tamén contarán con contidos para o público en xeral como son a exposición sobre os 50 anos de patrocinio de Repsol dentro da alta competición e o Repsol Racing Tour.**
- **O sábado celebraranse actividades para grandes e pequenos no Campo da Festa e un roteiro moteiro.**

A refinería de Repsol celebra do 5 ao 9 de novembro as súas xornadas do motor baixo o lema a “A paixón que nos move” e dirixidas a estudantes e docentes de automoción, profesionais do sector, afeccionados e público en xeral.

Durante unha semana o municipio arteixán converterase no epicentro do mundo do motor para acoller exposicións, charlas, actividades de formación e de lecer coas que Repsol quere compartir a súa paixón polo mundo do motor.

Esta mañá, o director da refinería de Repsol, Javier Sancho, xunto ao alcalde de Arteixo, Carlos Calvelo, e o piloto de Repsol Rally Team, Isidre Esteve, inauguraron estas xornadas que comezan hoxe pola tarde no Centro Cívico de Arteixo cunha charla coloquio na que Esteve trasladará ao público asistente a súa historia de superación e logros deportivos.

Durante a xornada de mañá ata o venres 8 de novembro celebrábase no Centro Tecnolóxico de Arteixo as xornadas formativas. Preto de 450 alumnos de FP de carrocería, electromecánica, automoción e mantemento de vehículos da provincia e 80 profesores de Galicia van participar en diversas actividades da man dos mellores expertos en áreas de actualidade como son a mobilidade, a competición, innovación, transición enerxética e medio ambiente.

Estas xornadas contarán con profesionais, como Santiago Maroto, do Repsol Technology Lab; Fernando López de las Heras, que achegará aos estudantes e profesores ao mundo do autogas de Repsol; Ana Nieto, científica experta en carburantes e lubricantes que falará sobre transición enerxética e medio ambiente; Isabel López Rivadulla, da empresa Signus, será o exemplo de economía circular coa reciclaxe de pneumáticos; Kike López, coordinador da Monlau Repsol Technical School, compartirá a súa experiencia na mecánica de competición; e Florenci Caso, de Pirelli, falará ao profesorado sobre “Pneumáticos, competición e innovación”.

A parte formativa complétase coa experiencia do Grupo Regueira, que achegará os retos tecnolóxicos presentes e futuros aos que se enfrenta a automoción na actualidade tanto con relatorio como con talleres diarios para alumnos. Desde a Fundación Jorge Jove farase un “Percorrido histórico pola automoción” coa visita dos docentes ao seu museo en Arteixo e a charla de Ramón Roca aos estudantes. Ademais, todos os participantes nas xornadas formativas poderán visitar o Repsol Racing Tour e o camión box da escuadra YaCar Cros que inclúe ademais de equipamento mecánico, varios coches prototipos de competición.

## **50 anos na alta competición**

As xornadas do Motor de Repsol tamén contarán con contidos para o público en xeral. Repsol achegará os seus 50 anos de patrocinio dentro da alta competición de motor cunha exposición que repasa os momentos máis inesquecibles durante estes anos e que se poderá visitar no Centro Tecnolóxico. Ademais poderanse ver catro motos míticas, como a de Ángel Nieto de 50 cc, do ano 1971; a KTM coa que Marc Coma competiu no Dakar, a Fonda de Moto GP do 40 aniversario e a de trial coa que competiu Toni Bou en 2008.

Dentro desta traxectoria tampouco pode faltar o Repsol Racing Tour, unha exposición con elementos interactivos, realidade virtual, exposición de obxectos históricos, contidos audiovisuais, multimedia, etc. e que conta coa moto coa que Marc Márquez gañou o Mundial de MotoGP no ano 2017.

O sábado 9 pola mañá terá lugar o final destas xornadas con actividades para grandes e pequenos no Campo da Festa de Arteixo e unha concentración moteira organizada polo Club moteiro local Os Abelurios, que sortearán dúas entradas para o Gran Premio de MotoGP de Valencia entre os participantes no roteiro.